



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL

DOCUMENTO:

Data inicial de exposición: 07/03/17

Data final de exposición: 08/05/17

Porriño, a de de

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. VIRGINIA DE MIRANDA VIGO CONTRA ÁS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR EN RÉXIME DE INTERINIDADE UNHA PRAZA VACANTE DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DO PORRIÑO.

Asunto: Recurso de reposición.

Expediente: Relativo ás bases da convocatoria do proceso selectivo para cobertura en réxime de interinidade de unha praza vacante de auxiliar administrativo, polo sistema de oposición libre.

Departamento de: Secretaría. Sección de Persoal.

DECRETO

Visto o escrito de data 27-1-2017 (R.E. nº 701/27-1-2017), formulado por D^a. Virginia de Miranda Vigo, nomeada funcionaria interina, na categoría de auxiliar, para a execución do programa de carácter temporal da intervención municipal do concello do Porriño, formula RECURSO DE REPOSICIÓN contra as Bases Reguladoras da Convocatoria de probas selectivas para cubrir en réxime de interinidade unha praza vacante de auxiliar administrativo do concello, no que SOLICITA sexa estimado y se proceda a “nomear á recorrente para a praza vacante de auxiliar administrativo”.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- CONVOCATORIA DO CONCELLO DO PORRIÑO PUBLICADA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NÚM. 98 DE 26-5-2009.

1. O día 26 de maio de 2009 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 98 a convocatoria para seleccionar, polo sistema de concurso-oposición, as persoas que configurarían unha lista da que saírían os nomeamentos dos funcionarios interinos para cubrir as prazas ou postos de auxiliar de administración xeral, subgrupo C2 (antes D) do Concello de Porriño, nos supostos previstos na Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 4/1988 da función Pública de Galicia.

-Na base 7^a da devandita convocatoria establécese que a lista terá unha vixencia “ata o momento en que exista outra que a substitúa.”

-Na base 8^a determínase o funcionamento da lista é o seguinte:

“Cando sexa necesario proceder aos correspondentes chamamentos ofrecerase ao aspirante primeiro/a de a lista, enviándolle un telegrama e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado, coa finalidade de acurtar os prazos. Se non recollese o telegrama equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Previamente ao nomeamento o/a aspirante que aceptou o chamamento deberá acreditar que non padece enfermidade ou defecto física ou psíquico que impida ou dificulte desempéño das correspondentes funcións de auxiliar de Administración Xeral, mediante certificación médica oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo ademais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido.



Concello do Porriño

O nomeamento notificaráselle ao interesado/a para que tome posesión. Quen non o faga sen causa xustificada será declarado en situación de cesante que dará lugar a exclusión definitiva da lista.

Cando se produza o cesamento dun integrante da lista por desaparición das circunstancias que motivaron o seu nomeamento, este reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación."

-Na base 9ª establécese:

"A non aceptación ou renuncia a unha cobertura ou cando estando a desempeñar unha praza ou posto de funcionario/a interino/a cesamento voluntariamente antes de que desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento dará lugar a exclusión definitiva da lista."

2. A devandita lista conformouse con 10 persoas e foise utilizando a medida que se produciron as situacións previstas na mesma, seguindo o funcionamento previsto na mesma (base 8ª) co resultado seguinte:

A persoa situada no 1º lugar da lista, logo de ocupar interinamente unha praza vacante deste Concello, cesou o día 23-07-2010 na súa interinidade para ser nomeada funcionaria de carreira noutro concello da provincia de Pontevedra.

A persoa que ocupa o 2º lugar da lista foi chamada para cubrir unha vacante; pero como xa era funcionario interino ocupando praza vacante neste Concello renunciou, aceptouse a súa renuncia e en consecuencia quedou excluído da lista con data 13-10-2009, de conformidade coa citada base 9ª.

As persoas que están na 3ª, 4ª, 5ª e 6ª posición da lista foron chamadas respectivamente e, en base ás súas aceptacións, foron nomeadas, con data 13-10-2009, funcionarias interinas para cubrir catro vacantes neste concello, continuando nesta situación na actualidade.

As persoas situadas no 7º e 8º posto da lista despois de ser chamados para substituír a un funcionario de carreira auxiliar administrativo que estaba de baixa por incapacidade temporal, renunciaron respectivamente con datas 27-06-2014 e 2-07-2014 por estar a traballar quedando excluídos da lista, por tales renunciacións, de conformidade coa citada base 9ª.

Ante as devanditas renunciacións o día 02 de xullo de 2014 foi chamada D.ª Virginia de Miranda Vigo, situada no 9ª lugar da lista, e como aceptou tal chamamento foi nomeada interina durante dita baixa de incapacidade temporal, cesando o día 14 de outubro de 2014 ao desaparecer a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

A persoa situada no 10º lugar da lista tamén, despois de ser chamada para outra substitución de baixa por incapacidade temporal doutro funcionario, renunciou a tal chamamento o día 15-08-2014, por estar a traballar noutra institución.

Con data 22-09-2015 D.ª Virginia de Miranda Vigo -situada no posto 9º da lista, e en virtude da mesma -foi nomeada funcionaria interina, auxiliar asimilada ao subgrupo C2, para a execución do programa de carácter temporal da intervención municipal,



Concello do Porriño

consistente na plena implementación da metodoloxía de rexistro de facturas, factura electrónica e consecución do cumprimento dos obxectivos e medidas de consolidación fiscal e sostenibilidade financeira, en especial o período de pago, de conformidade co establecido no artigo 10.1. d) da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (LEBP) e no artigo 23.2. c) e na Lei 2/2015 do emprego de Galicia (LEPG), con efectos desde a toma de posesión e ata o momento do seu cese, que como máximo deberá producirse ao finalizar a duración máxima do programa de 18 meses dende a formalización da relación funcional, e dicir o vindeiro 22-03-2017.

SEGUNDO.- CONVOCATORIA DO CONCELLO DO PORRIÑO PUBLICADA NO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, NÚM. 246 DE 27-12-2016

1. En data 27-12-2016 no Boletín Oficial de Pontevedra, nº 246, e non taboleiro de edictos e na páxina web www.porremplego.org do concello do Porriño, publicáronse as bases para a cobertura en réxime de interinidade dunha praza vacante de auxiliar administrativo, polo sistema de oposición libre, a teor do artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro; Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP) e do artigo 23.2. a) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA). Dita praza do persoal do orzamento de 2012, prorrogado para o ano 2017, está encadrada dentro do persoal funcionario de carreira na escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C, subgrupo C2, quedou vacante por xubilación da titular, con posterioridade a aprobación da última oferta de emprego público existente antes da referida convocatoria.

No parágrafo cuarto da base 14 desta convocatoria establécese o seguinte:

Que para o suposto de que a persoa nomeada funcionario interino non se presente a tomar posesión dentro do referido prazo ou unha vez tomada posesión, renunciase ou tivese que ser cesado por calquera causa das previstas nestas bases ou na normativa de aplicación ou teña que ser substituído por incapacidade temporal, incapacidade permanente, maternidade, permisos, vacacións ou outras causas similares, ou tamén cando se de algunha das circunstancias previstas no TRLEBEP e na LEPGA, poderá realizarse un novo nomeamento con e seguinte aspirante que por orde de puntuación correspóndalle na relación de valorados e ata que se incorpore o substituído, previa presentación da documentación a que se refire á base anterior.

2. O día 13 de xaneiro de 2017, mediante o referido escrito R.E. nº 248/2017, D^a Virginia de Miranda Vigo, presentou recurso de reposición contra as referidas bases reguladoras da segunda convocatoria (2016) solicitando sexa estimado e procedase a nomear á recorrente para a praza vacante de auxiliar administrativo convocada, en base esencialmente aos seguintes motivos:

A dicente é a única persoa integrante da lista para ocupar postos do grupo C2 nel concello, e da que forma parte despois de superar o correspondente concurso-oposición convocado para o efecto. Do que se deriva que é a persoa que acredita maior mérito e capacidade para ocupar postos de maneira temporal do grupo C2 auxiliar administrativo no Concello. Capacidade que leva sobradamente demostrado ao longo da súa prestación de servizos desde hai varios anos. Calquera nomeamento ou vinculación que acorde realizar o concello para ocupar posto de auxiliar administrativa, grupo C2, debe serlle ofertado á dicente con preferencia de calquera outra persoa, en aplicación da Disposición Adicional



Concello do Porriño

Primeira do Real Decreto 896/1991, tendo por tanto preferencia para este tipo de nomeamentos.

Non se xustifica a necesidade de realizar unha convocatoria como a que é obxecto do presente recurso, cando o concello ten o deber de nomear a unha persoa concreta que xa realizou un procedemento para ter esa preferencia, a recorrente. Ademais, coa convocatoria non se esta procedendo segundo o legalmente previsto para o nomeamento de persoal interino, moi ao contrario, está a realizarse un proceso practicamente idéntico ao que se realizaría para convocar a praza para a súa cobertura por funcionario de carreira.

3. En data 2-2-2017 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 23, anuncio da devandita convocatoria (2016), que iniciou o prazo de presentación de solicitudes, que finalizou o día 22-02-2017 sen que conste no expediente que a recorrente se houbera presentado solicitude de participar na mesma.
4. Con data de 2-2-2017, publicouse o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), núm. 23, e igualmente no citado taboleiro de edictos e páxina web.
5. Con data 17-2-2017, concedeuse ó trámite de audiencia aos demais interesados no procedemento, para que puideran alegar o que estimasen oportuno, sen que ata a data haxan feito uso da facultade concedida.
6. Emitiuse o informe técnico oportuno con proposta de resolución.

Aos anteriores antecedentes de feitos son de aplicación os seguintes,

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Dedúcese que non existe un dereito da recorrente para permanecer de forma indefinida na lista, nin esta ten que ter un carácter de indefinido. O Concello do Porriño, con bo criterio, estableceu nas bases que poderá, cando o estime, cando exista unha causa motivada que o xustifique, convocar unha nova lista. (Na base 7ª da devandita convocatoria do 2009 establécese que a lista tería unha vixencia “*ata o momento en que exista outra que a substitúa.*”). Por tanto se parte da idea de que, aínda que siga habendo candidatos, poderase aprobar outra que a substitúa, porque se non fose así se diría que se manterá vixente ata que se esgote.

SEGUNDO.- Hai que estar ao contido das bases reguladoras para a confección da lista de funcionarios interinos para cubrir prazas de auxiliar administrativo que se aprobou no 2009, en canto á posibilidade de que estas contemplaran expresamente, por exemplo, que a relación de aspirantes seleccionados tería carácter rotatorio, de modo que unha vez chamado o último dos seleccionados, se iniciaría de novo o chamamento ao primeiro aspirante da relación, se a súa vixencia o permitira.

Si nada indicaron ao respecto, senón que se limitaron a establecer que a vixencia da lista o sería “*...ata o momento en que exista outra que a substitúa*”, deste contido non se desprende, sen máis, a rotación e paso ao seguinte da lista una vez esgotados os chamamentos desde o inicio novamente, o cal constitúe ademais una interpretación máis propia en relación co principio de igualdade, mérito e capacidade que conforman o orden de prelación do contido da lista de funcionarios interinos.



Concello do Porriño

Por isto, hai que entender que a lista de funcionarios interinos confeccionada no 2009 atopase esgotada toda vez que aos integrantes da mesma se lle adxudicaron interinidades ou renunciaron a elas, habéndose completado os chamamentos. Sendo o procedente unha convocatoria específica para a praza interina de 2016 como fixo o concello do Porriño, ou a confección dunha nova lista de aspirantes interinos que o concello poderá levar a cabo cando exista causa motivada, como todo acto discrecional conforme establece o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Considerar que a lista de 2009 ten carácter indefinido ou permanente contravendría os citados principios de igualdade, mérito e capacidade e o carácter aberto das convocatorias, como quedou indicado. É certo que a lista estableceu a súa vixencia “*ata o momento en que existira outra que a substitúa*”, mais isto debe interpretarse a súa vez (e a menos que expresamente se establecera o carácter rotatorio da lista, o que non é o caso), tendo en conta que una vez esgotados os chamamentos do listado así confeccionado isto implica a súa extinción, dado que non se previu na mesma a posibilidade de sucesivos chamamentos rotatorios.

Como este carácter rotatorio non se estableceu, hai que entender que se ben a lista rexería ata a aprobación de unha nova lista de interinos, isto o sería a súa vez sempre que os chamamentos contidos na lista non se completaran, pois si se completaron, que foi o que sucedeu no presente caso, se produciu a súa extinción por esgotamento.

CUARTO.- A maior abastamento cabe dicir que si se lle houbese ofrecido a praza de auxiliar da convocatoria do 2016 (como mellora de emprego como pretende a recorrente, situación que ao non estar prevista na lista do 2009 non procedía facer), necesariamente para optar a ela tería que previamente cesar voluntariamente no programa para o que foi nomeada e está executando na actualidade e tal cese implicaría a exclusión definitivamente da lista de conformidade coa citada base 9ª e por ende no podería cubrir a praza como indica no seu recurso.

Por tanto a recorrente Sra. de Miranda Vigo pode manterse no citado traballo que ten ata que finalice o mesmo, ou pode cesar voluntariamente no mesmo, e neste suposto o cese a excluiría definitivamente da lista e non podería acceder á praza da convocatoria do 2016, á que nin tan si queira se presentou.

QUINTO.- En consecuencia do antedito procede ditar unha resolución administrativa de desestimación do recurso interposto por Dª Virginia de Miranda Vigo, mediante o citado escrito R.E. nº 248/13-1-2017, contra as mencionadas bases para a cobertura en réxime de interinidade dunha praza vacante de auxiliar administrativo, polo sistema de oposición libre.

SEXTO.- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas nos seus artigos 123 e 124 dispón:

1. Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.



Concello do Porriño

2. No se podrá interponer recurso contencioso-administrativo hasta que sea resuelto expresamente o se haya producido la desestimación presunta del recurso de reposición interpuesto.

Artículo 124 Plazos

1. El plazo para la interposición del recurso de reposición será de un mes, si el acto fuera expreso. Transcurrido dicho plazo, únicamente podrá interponerse recurso contencioso-administrativo, sin perjuicio, en su caso, de la procedencia del recurso extraordinario de revisión.

Si el acto no fuera expreso, el solicitante y otros posibles interesados podrán interponer recurso de reposición en cualquier momento a partir del día siguiente a aquel en que, de acuerdo con su normativa específica, se produzca el acto presunto.

2. El plazo máximo para dictar y notificar la resolución del recurso será de un mes.

3. Contra la resolución de un recurso de reposición no podrá interponerse de nuevo dicho recurso.

SÉTIMO.- O artigo 21. 1 e 2. da Lei 30/1992, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común establecen:

“La Administración está obligada a dictar resolución expresa y a notificarla en todos los procedimientos cualquiera que sea su forma de iniciación.”

(...)

2. El plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa será el fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento.

Este plazo no podrá exceder de seis meses salvo que una norma con rango de Ley establezca uno mayor o así venga previsto en el Derecho de la Unión Europea.

3. Cuando las normas reguladoras de los procedimientos no fijen el plazo máximo, éste será de tres meses. Este plazo y los previstos en el apartado anterior se contarán:

a) En los procedimientos iniciados de oficio, desde la fecha del acuerdo de iniciación.

b) En los iniciados a solicitud del interesado, desde la fecha en que la solicitud haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para su tramitación.”

OITAVO.- Este órgano administrativo é competente para resolver o recurso de reposición interposto e, polo tanto, adopta a presente resolución dentro do prazo conferido ao efecto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 123 da Lei 39/1995, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública en harmonía co artigo 209 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeneral ou concordante aplicación, esta Alcaldía,

RESOLVE

1º. Desestimar o recurso de reposición interposto por Dª Virginia de Miranda Vigo, mediante o citado escrito R.E. nº 248/13-1-2017, contra as mencionadas bases para a cobertura en réxime de interinidade dunha praza vacante de auxiliar administrativo, polo sistema de oposición libre.

2º. Notificar esta resolución ao recorrente e publicala no taboleiro de edictos e páxina web www.porremplego.org, do concello do Porriño.



Concello do Porriño

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ante a Xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, de acordo co previsto nos artigos 8 a 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa D. Eva García de la Torre, no Porriño a seis de marzo de dous mil dezasete.

A ALCALDESA
EVA GARCÍA DE LA TORRE



ANTE MÍN
O SECRETARIO
EDUARDO PORTELA FERNÁNDEZ

